



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Socioloxía		Código	652G03005
Titulación	Grao en Educación Social			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación	Rodríguez Rodríguez, María del Carmen	Correo electrónico	carmen.rodriguez2@udc.es	
Profesorado	Rodríguez Rodríguez, María del Carmen	Correo electrónico	carmen.rodriguez2@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia ten como finalidade promover unha comprensión reflexiva e crítica da sociedade da que o educador social forma parte, intentando ampliar a súa visión sobre os distintos contextos e variados ámbitos nos que desempeña o seu labor profesional. Para iso, esta asignatura trata de subliñar a importancia de fomentar a reflexividade e o pensamento crítico, de proporcionar as bases teóricas e conceptuais fundamentais e as ferramentas metodolóxicas coas que facer investigación social e de profundar nas interrelacións existentes na realidade social. Supón un achegamento ao coñecemento científico das sociedades para procurar explicar o mundo no que vivimos.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer os campos da educación social e recoñecer novos ámbitos emerxentes.
A2	Comprender os supostos e fundamentos históricos, pedagóxicos, psicolóxicos e sociolóxicos da acción socioeducativa e os seus ámbitos de actuación, valorando as súas implicacións.
A3	Analizar as políticas de benestar social e a lexislación que sustentan os procesos de acción socioeducativa.
A4	Distinguir os estadios evolutivos das persoas, e interpretar as súas implicacións educativas.
A5	Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.
A8	Detectar factores de vulnerabilidade, de exclusión e de discriminación social que dificulten a inclusión social, escolar e laboral de persoas e colectivos
A10	Analizar, difundir, orientar e desenvolver procesos de promoción cultural.
A11	Observar, analizar, interpretar procesos de mediación social, cultural e educativa.
A13	Deseñar e levar a cabo proxectos de investigación elementais aplicables aos diferentes campos de intervención.
A20	Desenvolver unha disposición favorable ao traballo en contornos multiculturais e plurilingüísticos.
B1	Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información.
B3	Xerar a cultura profesional colaborativa, fomentando o traballo en rede e integrándose en grupos interdisciplinares con iniciativa e responsabilidade.
B4	Deseñar e impulsar espazos socioeducativos en contextos de diversidade atendendo á igualdade de xénero, á equidade e respecto aos dereitos humanos, favorecendo o empoderamento das persoas e colectivos ubicados en situacións de desvantaxe social.
B5	Capacidade de mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión.
B6	Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.



Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Comprender os supostos e fundamentos históricos e sociolóxicos da acción social valorando as súas implicacións. Estudar ao individuo como produto da realidade social e como actor nela.	A2 A4 A5 A8 A10 A11 A13 A20	B1 B5	C4 C6 C8
Identificar e analizar os distintos contextos, institucións e actores sociais que afectan aos procesos de intervención socioeducativa	A1 A3 A5 A8 A11 A20	B3 B5 B6	C4
Entender os paradigmas sociolóxicos como mapas de comprensión da realidade social.	A2 A8	B1	
Comprender e analizar o concepto de cultura, a súa complexidade e a súa pluralidade e ver a súa concreción no proceso de socialización.	A4 A8 A10 A11 A20	B1 B5 B6	C1 C4
Observar, analizar, interpretar, facilitar e favorecer a diversidade humana de todo tipo, incidindo en cuestións como a diversidade cultural, a diversidade funcional ou o xénero.	A11 A20	B1 B4 B5	C4
Observar e analizar os distintos factores e procesos de creación de vulnerabilidade, de exclusión, de desigualdade e de discriminación social que dificultan a inclusión social, escolar e laboral de persoas e colectivos.	A1 A4 A5 A8 A20	B1 B4	C4
Xestión e procura de solucións a problemas que se atopen na investigación social.	A13 A20	B1	C4 C6 C7
Desenvolvemento de habilidades interpersonais, en especial, a capacidade de traballar en equipo, que fomentará a coordinación e diálogo entre compañeiros.	A13	B5 B6	C1 C4
Desenvolvemento de habilidades lingüísticas, a comunicación e a expresión oral.	A13 A20	B6	C1 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1.- PENSANDO SOCIOLÓXICAMENTE	1.1.- O carácter científico da socioloxía e o seu obxecto de estudo 1.2.- O xurdimento da socioloxía como ciencia 1.3.- As orixes da teoría sociolóxica: Comte e Saint-Simon



TEMA 2.- FERRAMENTAS METODOLÓXICAS NO ESTUDO DA SOCIOLOXÍA. O COÑECEMENTO DO MEDIO SOCIAL	2.1.- As etapas da investigación social e a metodoloxía cuantitativa e cualitativa nas Ciencias Sociais 2.2.- As fontes secundarias de información estatística e a enquisa. 2.3.- A observación participante 2.4.- A entrevista en profundidade 2.5.- O grupo de discusión
TEMA 3.- OS PARADIGMAS TEÓRICOS DA SOCIOLOXÍA CLÁSICA E A SÚA OPERATIVIDADE NA SOCIOLOXÍA DA EDUCACIÓN	3.1.- O paradigma funcionalista representado por Émile Durkheim 3.2.- A teoría do conflito e o pensamento de Karl Marx 3.3.- A acción social e a educación en Max Weber
TEMA 4.- CULTURA E SOCIALIZACIÓN	4.1.- Cultura, sociedade e personalidade 4.2.- O proceso de socialización 4.3.- Os axentes de socialización
TEMA 5.- ESTRATIFICACIÓN SOCIAL	5.1.- O concepto de estrutura e estratificación social 5.2.- Tipos de sociedades. Unha historia da desigualdade 5.3.- Sistemas de estratificación social
TEMA 6.- DESIGUALDADES SOCIAIS E ESTADO DO BENESTAR	6.1.- Desigualdade social, pobreza e exclusión 6.2.- O xénero como variable de desigualdade. A construción social do sexo 6.3.- O Estado do benestar
TEMA 7.- A GLOBALIZACIÓN. INMIGRACIÓN E DIVERSIDADE CULTURAL	7.1.- A globalización 7.2.- A inmigración e os modelos de integración social

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A5 A8 A13 A20 B5 B6 C1 C4 C7 C8	24	40	64
Lecturas	A2 A4 B1 B6 C1 C7	0	20	20
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A8 A10 A11 A13 A20 B1 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6 C7 C8	14	46	60
Presentación oral	B1 B6 C1 C7	1	2	3
Proba de ensaio	A2 A3 A4 A5 A8 B1 B5 B6 C1	2	0	2
Atención personalizada		1	0	1
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Sesión maxistral	É o método tradicional da docencia no que tanto a iniciativa como o peso principal da actividade recaen sobre o profesor. Expón un perigo importante de provocar actitudes pasivas por parte do alumnado e limitar así a súa capacidade de aprendizaxe. Con todo, unha clase maxistral ben preparada, densa nos contidos e amena na forma, será sempre un instrumento interesante na educación. Ademais, a clase expositiva, a lección maxistral, non debe ir soa na formulación dunha materia como esta. É necesario complementar este método pedagóxico máis tradicional coa introdución doutras actividades e métodos que permitan un rol máis activo dos estudantes. Neste tipo de aulas intentarase promover a participación que nos permita un mínimo feed-back do nivel de comprensión e de asimilación en cada tema e desenvolver en cada sesión auténticos debates sobre temas actuais e concretos relacionados coas cuestións teóricas tratados. A participación do alumnado neste tipo de aulas é moi importante e moi valorado. Con estes requisitos, a clase expositiva, mesmo cun número amplo de alumnos (a asistencia voluntaria sempre limita o número real), pode conseguir, en primeiro lugar, unha transmisión adecuada de coñecementos, preferentemente daqueles que poidan ser máis difíciles de acceder ou de assimilar. En segundo lugar, debe converterse no espazo da síntese, da crítica, da interrelación de ideas e da profundización de coñecementos. En terceiro lugar, na clase deben achegarse orientacións claras para a aplicabilidade dos coñecementos transmitidos e exemplos concretos da práctica social dos mesmos.
Lecturas	Nalgúns temas do programa existen un número determinado de lecturas obrigatorias que permiten a adecuada comprensión da materia. Evitan ademais a copia automática de apuntamentos durante as clases maxistrais, motivando entre o alumnado a atención durante as explicacións. Son unha guía dos contidos da materia. Ademais, nalgúnhas sesións prácticas utilizaranse para dinamizar debates e para saber interpretar resultados cuantitativos e cualitativos.
Traballos tutelados	Hai dous tipos de traballos tutelados, as prácticas realizadas en clase (de forma individual ou grupal) e un traballo de maior extensión, grupal, sobre un tema sociolóxico (e a súa exposición oral). O traballo grupal está exposto como un traballo de desenvolvemento sobre algún dos temas da materia. Este traballo é a ocasión para relacionar os coñecementos teóricos adquiridos, os argumentos dos manuais e os textos de referencia, cos casos prácticos e co coñecemento das fontes de información relacionadas coa materia. Por iso, os temas do traballo debedes escollelos vós mesmos e deben estar relacionados preferiblemente con algún tema visto na materia e enfocado desde unha perspectiva sociolóxica. Debe presentarse nun formato científico, tanto no que se refire a forma e tamaño, como en canto á estrutura do texto, a presentación, referencias bibliográficas, etc. Este tipo de traballo inclúe a asistencia a unha tutoría obrigatoria.
Presentación oral	O traballo grupal sobre un tema sociolóxico será exposto en clase (tamén de forma grupal) a final de curso.
Proba de ensaio	Exame final sobre os contidos da materia explicados nas sesións maxistrais e nos recolleitos nas lecturas obrigatorias. A data é marcada oficialmente pola UDC.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Lecturas	A atención personalizada desta asignatura desenvolverase de forma presencial e non presencial. Para a comprensión das lecturas e para a realización dos traballos tutelados contaredes coa miña presenza no aula durante as sesións en grupos reducidos e, ademais, poderedes programar as tutorías presenciais que consideredes necesarias no horario que comunicarei ao comezo de curso. Hai unha tutoría presencial obligatoria para preparar o traballo grupal. Tamén estarei dispoñible de forma non presencial preferiblemente a través do correo electrónico (e tamén a través da plataforma Moodle).
Traballos tutelados	Aqueles alumnos que se acollan ao recoñecemento de dedicación a tempo parcial ou dispensa académica (os que non se acollan á avaliación continua presencial de forma xustificada), deberán poñerse en contacto coa profesora ao comezo do curso e terán que asistir a unha tutoría para concretar as metodoloxías de avaliación. A súa avaliación basearase nun traballo sobre un libro (30% da nota), un traballo sobre unha película (30% da nota) e o exame presencial realizado na data oficial estipulada pola UDC (40% da nota). Para aprobar a materia é necesario aprobar tanto os traballos tutelados (sobre o libro e a película) como o exame.
Sesión maxistral	
Presentación oral	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba de ensaio	A2 A3 A4 A5 A8 B1 B5 B6 C1	Exame escrito con preguntas breves e de desenvolvemento sobre a materia da asignatura. Nel valorarase: -O manexo de conceptos e teorías. -A comprensión da materia da asignatura. -A coherencia do discurso. -A correcta expresión escrita.	40
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A8 A10 A11 A13 A20 B1 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6 C7 C8	Considérase traballos tutelados tanto as prácticas realizadas en clase como o traballo en grupo sobre un tema da materia que deberá ser analizado desde unha perspectiva sociolóxica (o 40% da nota depende das prácticas, asistencia e participación e, o 15% restante, do traballo grupal obrigatorio). En todos estes traballos valorarase: -A comprensión e manexo dos conceptos, textos e a teoría sociolóxica. -O uso de fontes e de ferramentas apropiadas para a investigación social. -O pensamento crítico, reflexivo e relacional. -A orixinalidade. -A correcta expresión escrita. -A capacidade de traballo en grupo (cando sexa o caso).	55
Presentación oral	B1 B6 C1 C7	A presentación oral sobre o traballo grupal é obligatoria. Nela valorarase: -O dominio e comprensión do tema. -A capacidade de síntese. -A correcta expresión oral. -A creatividade. -O traballo en grupo.	5

Observacións avaliación



Avaliación continua. A parte práctica (o conxunto de prácticas e actividades de clase, o traballo grupal, a exposición, a asistencia e a participación) suporá o 60% da cualificación, o exame final o 40%. Desta forma valórase e compénsase todo o traballo realizado. As prácticas que se realizarán ao longo do cuatrimestre terán un contido variado. O exame final terá lugar nas datas oficiais marcadas pola UDC. Para aprobar a asignatura é necesario aprobar tanto a parte práctica como o exame. Avaliación non continua. Aqueles alumnos que se acollan ao recoñecemento de dedicación a tempo parcial ou dispensa académica (os que non se acollan á avaliación continua presencial de forma xustificada), deberán poñerse en contacto coa profesora ao comezo do curso e terán que asistir a unha tutoría para concretar as metodoloxías de avaliación. A súa avaliación basearase nun traballo sobre un libro (30% da nota), un traballo sobre unha película (30% da nota) e o exame presencial realizado na data oficial estipulada pola UDC (40% da nota). Para aprobar a materia é necesario aprobar tanto os traballos tutelados (sobre o libro e a película) como o exame. Segunda oportunidade. A aqueles que teñan aprobada a parte práctica da asignatura pero non se presenten ou suspendan o exame da primeira convocatoria gardaráselles as notas da parte práctica pero terán que presentarse a un exame nas datas oficiais marcadas pola UDC (en segunda oportunidade). Aqueles que teñan que recuperar a parte práctica por suspendela, deberán facer o mesmo exame que os seus compañeiros que a teñan superada e ademais responder a unha ou varias cuestións para recuperar a parte práctica. Para aprobar a asignatura é necesario aprobar tanto a parte práctica como o exame.

Fontes de información

Bibliografía básica	
	- MACIONIS, J.J. Y K. PLUMMER (2011). Sociología. Madrid: Pearson - GIDDENS, A. (2014). Sociología. Madrid: Alianza Editorial - FERNÁNDEZ, F. (2003). Sociología de la Educación. Madrid: Pearson - KERBO, H. (2003). Estratificación social y desigualdad: el conflicto de clases en perspectiva histórica, comparada y global. Madrid: McGrawHill - REQUENA, M. ET AL. (2013). Estratificación social. Madrid: McGraw-Hill - VARELA, N. (2016). Feminismo para principiantes. Barcelona: Ediciones B - GINER, S. (2011). Teoría sociológica clásica. Barcelona: Ariel - ALGUACIL, J. (2011). Cómo se hace un trabajo de investigación en sociología. Madrid: Los Libros de la Catarata - GARCÍA FERRANDO, M. ET AL. (2015). El análisis de la realidad social: métodos y técnicas de investigación. Madrid: Alianza - JONES, O. (2013). Chavs: la demonización de la clase obrera. Madrid: Capitán Swing - WEBER, M. (2011). La ética protestante y el espíritu del capitalismo. Madrid: Alianza Editorial - RODRÍGUEZ CAAMAÑO, M.J. (Coord.) (2001). Temas de sociología. Madrid: Huerga y Fierro - IGLESIAS, P. (Coord.) (2013). Cuando las películas votan: lecciones de ciencias sociales a través del cine. Madrid: Los Libros de la Catarata - LAMO DE ESPINOSA, E. (1990). La sociedad reflexiva: sujeto y objeto del conocimiento sociológico. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas - PASTOR, J. (2002). Qué son los movimientos antiglobalización. Barcelona: RBA - FERNÁNDEZ PALOMARES, F. (Coord.) (2003). Sociología de la educación. Madrid: Prentice-Hall - NUSSBAUM, M.C. (2010). Sin fines de lucro: por qué la democracia necesita de las humanidades. Madrid: Katz - MILLS, C. W. (2003). La imaginación sociológica. México: Fondo de Cultura Económica - RODRÍGUEZ IBÁÑEZ, J.E. (1989). La perspectiva sociológica: historia, teoría y método. Madrid: Taurus - PICÓ, J. Y SANCHÍS, E. (2003). Sociología y sociedad. Madrid: Tecnos



Bibliografía complementaria	- ALONSO, L.E (1998). La mirada cualitativa en sociología. Fundamentos, Madrid. - ALONSO, L.E. et al. (2004). Pierre Bourdieu, las herramientas del sociólogo. Madrid, Fundamentos - BARLEY, N. (1989). El antropólogo inocente. Barcelona, Anagrama - BAUMAN, Z. y MAY, T. (2007). Pensando sociológicamente. Buenos Aires, Nueva Visión. - BERTAUX, D. (2005). Los relatos de vida. Perspectiva etnosociológica. Barcelona, Bellaterra. - CARABAÑA, J. (2000). ?Títulos contra el paro: ¿protegen los estudios del desempleo?, en SÁEZ, F. (coord.), Formación y empleo: programa de economía familiar. Madrid, Fundación Argentaria - CASTELLS, M. y SUBIRATS, M. (2007). Mujeres y hombres: un amor imposible?. Madrid, Alianza. - FEITO, G. (1995). Estructura Social Contemporánea. Las clases sociales en los países industrializados. Madrid, Siglo XXI. - FERNÁNDEZ, M. (1996). Inmigración y Etnicidad. Madrid, Centro de Investigación y Documentación Educativa. - GARCÍA FERRANDO, M. (coord.) (1999). Pensar nuestra sociedad. Fundamentos de Sociología. Valencia, Tirant lo Blanch, 4ª edición. - GARCÍA FERRANDO, M; IBÁÑEZ, J.; ALVIRA, F. (comp.) (2000). El análisis de la realidad social. Métodos y técnicas de investigación social. Madrid, Alianza Universidad Textos, 3ª edición revisada - GIDDENS, A. (2002). Sociología. Madrid: Alianza Editorial, 4ª edición. - GINER, S. (1988). Historia del pensamiento social. Barcelona, Ariel - RITZER, G. (2001). Teoría sociológica clásica. Madrid, McGraw-Hill, 3ª edición. - RITZER, G (2002). Teoría sociológica moderna,. Madrid, McGraw-Hill, 5ª edición. - SHAW, I. (2003). La evaluación cualitativa. Introducción a los métodos cualitativos. Barcelona, Editorial Paidós Ibérica, S.A. - SUBIRATS, M. y TOMÉ, A. (2007). Balones Fuera: reconstruir los espacios de la coeducación. Barcelona, Octaedro. - SUBIRATS, M. y BRULLET, C. (1998). Rosa y Azul. La transmisión de los géneros en la escuela mixta. Madrid, Instituto de la Mujer - VALLES, M. (1997). Técnicas cualitativas de investigación social. Reflexión metodológica y práctica profesional. Madrid, Síntesis - VV.AA. (2008). Metodología de las Ciencias Sociales. Madrid, Editorial Tecnos
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías